

O CELTISMO NA HISTORIOGRAFÍA GALEGA DO SÉCULO XVIII

Por Fernando PEREIRA GONZÁLEZ

Departamento de Historia I

Universidade de Santiago de Compostela

Abstract: This essay deals with the presence of the Celts in the writings about ancient Galician history issued during the eighteenth century. It is also argued that the benedictine friar Martín Sarmiento appears as the central figure in the development of Galician Celticism in that century.

Key words: Celts, Celticism, Galician historiography.

1. LIMIAR

Este artigo quere ser a continuación dun traballo publicado con anterioridade, no que se facía unha análise das primeiras referencias aos celtas presentes na historiografía galega precedente, dende a Idade Media ata o século XVII (PEREIRA GONZÁLEZ, 2003). Xa que logo, o presente artigo ten como obxectivo o de continuar a pescuda nos «séculos escuros» do Celtismo galego, é dicir, nos tempos anteriores á vaga celtista que afectou á historiografía galega, así como a outros aspectos da cultura contemporánea do país, a partir do XIX.

Ademais de avaliar a presenza dos celtas nos escritos dos anticuarios que durante o século XVIII trataron con máis ou menos detalle acerca da historia antiga de Galiza —autores como Huerta y Vega, Sarmiento, Rioboo Seixas, Cornide ou Sobreira—, desexo neste traballo inserir o Celtismo galego nun contexto máis amplo, europeo e hispánico. Con esa finalidade, e antes de pasar a desenvolver a miña análise sobre o caso galego no terceiro apartado, levarei a cabo nos dous apartados anteriores un achegamento á posición do Celtismo na erudición e na cultura europeas da época. Neles farei especial referencia aos dous lugares que foron fundamentais na súa creación e no seu desenvolvemento, Francia e as illas británicas, aínda que sen esquecer tampouco aqueles autores españois que escribiron sobre os celtas.

O que segue, porén, é un estudo necesariamente breve do fenómeno do Celtismo galego e europeo no século XVIII, polo que será preciso limitarme soamente a aqueles aspectos que me parecen máis esenciais e significativos¹. Trátase igualmente dun estudo realizado dende unha perspectiva histórica, sen pretender avaliar ou criticar as teorías e as opinións pasadas á luz dos coñecementos do presente, nin entrar na polémica actual verbo de se os celtas existiron (e existen) ou non.

2. OS CELTAS NO SÉCULO DA ILUSTRACIÓN

Antes de continuar, quizais sexa preciso explicar o que eu entendo por Celtismo. Con este termo designo todo discurso ou representación relativos a unhas xentes, do pasado ou do presente, cualificadas como celtas². Iso inclúe o que escribiron os autores da Antigüidade greco-romana sobre os celtas, galos ou gálatas, así como os usos posteriores das fontes clásicas en relación a esa cuestión; as distintas concepcións dos celtas no decurso do tempo; o estudo das linguas denominadas «celtas», tanto do pasado como do presente; as investigacións realizadas sobre as literaturas dos pobos considerados como celtas; a pescuda das pegadas arqueolóxicas dos antigos celtas; a procura de supervivencias célticas nas crenzas e costumes de poboacións actuais; as reivindicacións dunha orixe celta, a través de diferentes pobos celtas da Antigüidade (galos, britóns, galaicos, celtíberos, lusitanos). E así, sería posible falar dun Celtismo histórico, ocupado en coñecer a orixe e a historia dos celtas; dun Celtismo lingüístico, cinguido aos idiomas célticos; dun Celtismo literario, acerca das literaturas célticas e tamén das representacións dos celtas na literatura en xeral; dun Celtismo arqueolóxico e doutro etnográfico, etc. Mesmo poderíamos definir un Celtismo «místico», configurado a partir da crenza duradeira na existencia dunha sabedoría celtica moi antiga, e que incluíría tamén os saberes esotéricos dos druídas ou a suposta natureza máxico-mística do carácter e da cultura dos celtas.

Finalmente, o Celtismo pode manifestarse como unha *celtoloxía*, é dicir, un estudo máis ou menos serio e erudito (consonte as esixencias de cada época) dos distintos aspectos dos celtas citados no parágrafo anterior. Ou pode devir nunha auténtica *celtomanía*, co artellamento de teorías fantasiosas verbo das orixes, do valor e da significación dos celtas e da súa civilización. Ou ben, feito non excepcional, ser unha mestura inextricable de erudición e de fantasía.

¹ Para máis detalles sobre o Celtismo galego no XVIII remito á miña Tese de Doutoramento, *A visión da Antigüidade de Galiza na historiografía galega* (en curso de redacción). Acerca do Celtismo europeo nesta época véxase a bibliografía citada ao longo do artigo. O Celtismo hispánico aínda ten de ser estudado con detalle.

² Unha definición máis restrinxida do termo pódese ver en LEERSSEN (1996).

Chegando xa ao obxecto deste apartado, cómpre dicir que, por varios motivos, o século XVIII foi unha época de especial relevancia na historia do Celtismo europeo.

En primeiro lugar, nesta centuria leváronse a cabo importantes investigacións históricas e lingüísticas relacionadas cos celtas, aumentando considerablemente os traballos eruditos a eles consagrados. No eido dos estudos históricos, os anticuarios franceses e británicos dedicaron unha boa cantidade dos seus esforzos ás *antigüidades* célticas dos seus países respectivos, investigando a orixe, a lingua, a vida, as institucións e mailas vicisitudes dos galos e dos britóns da Antigüidade, aos cales consideraron a miúdo como os seus devanceiros máis directos. Ou ben esforzáronse por dexergar nos seus contemporáneos as pegadas deses antergos, na lingua, no carácter, nos costumes e nas crenzas. En Francia, logo do devalo que experimentaran os devanceiros galos durante o século XVII, no XVIII acadaron unha nova popularidade, pasando de douscentos os traballos a eles dedicados nesta centuria. Entre os eruditos franceses que investigaron as *antigüidades* célticas salientaron os nomes de Paul Pezron, Jacques Le Brigant, La Tour d'Auvergne, dom Lobineau —todos eles bretóns—, Simon Pelloutier, Jacques Martin, Nicolas Fréret ou Jean-Baptiste Bullet. Nas illas británicas, nomeadamente en Inglaterra e Gales, unha vez que se desbotara o mito das orixes troianas dos britóns, gañaba forza entre os anticuarios a teoría que emparentaba a aqueles cos celtas do continente. Alí, homes como Edward Lhuyd, William Stukeley, William Borlase, Henry Rowlands ou John Toland, contribuíron co seu interese polo pasado celta das illas ao avance dos estudos lingüísticos e arqueolóxicos³.

Nembargantes, non todo o que se escribiu entón verbo dos celtas tiña a mesma calidade. Por exemplo, había unha enorme distancia entre a rigorosidade erudita de homes como Fréret ou Lhuyd e as fantasías, máis ou menos tinguidas de erudición, de Pezron e de Le Brigant. Tampouco non foron infrecuentes as combinacións de *celtoloxía* e *celtomanía*. Téñase en conta a este respecto o caso paradigmático do anticuario inglés William Stukeley, quen completou as súas detalladas análises dos monumentos megalíticos da illa con especulacións cada vez máis extravagantes verbo da relixión monoteísta e patriarcal dos druídas, aos que el, por suposto, atribuíu monumentos tan característicos como Stonehenge e Avebury.

En segundo lugar, o século XVIII representa para o Celtismo —ao igual que para moitos outros aspectos da cultura europea— unha encrucillada na que se cruzaron e conviviron o pasado e mailo futuro: por unha banda as ideas sobre os celtas e os métodos de investigación presentes con anterioridade (dende o

³ Acerca do Celtismo en Francia e nas illas británicas nesta época cf. CHAPMAN (1992), GRELL (1995), LEERSEN (1997), MAS (1990), MORGAN (1981), PIGGOTT (1976, 1985, 1989), POMIAN (1992), RIO (2000), VIALLANEIX e EHRARD (1982).

Renacemento en diante), e pola outra os novos achegamentos que caracterizarán o século XIX. O Celtismo do século da Ilustración compartiu características de ambas as épocas, aparecendo ao mesmo tempo como unha culminación do precedente e como o xérmolo do que aínda estaba por vir.

Este carácter de encrucillada obsérvase ben no eido do Celtismo lingüístico. Aí conviviron as opinións tradicionais acerca das linguas «célticas» cunha moderna definición das mesmas. En efecto, foi o erudito galés Edward Lhuyd quen primeiro presentou ao público culto europeo un estudo amplo e detallado acerca das linguas celtas —o primeiro (e único) volume da súa *Archaeologia Britannica* (1707)—, no cal demostraba o parentesco existente entre o bretón, o galés, o córnico, o irlandés e o gaélico escocés. Lhuyd coidaba que as illas británicas foran poboadas no pasado a partir do continente e que os seus primeiros habitantes foran os galos ou celtas da Galia. Esa era a razón pola que el denominaba «celtas» aquelas linguas faladas nas illas británicas diferentes do inglés, pois proviñan dos antigos habitantes celtas das mesmas. Deste xeito Lhuyd establecía os alicerces da lingüística céltica comparada e fixaba unha clasificación dos idiomas celtas que aínda hoxe está en vigor. Facendo isto, impuña uns límites precisos ao grupo das linguas celtas, ao desbotar aquelas teorías que emparentaban o gaélico, o bretón ou o galés cos idiomas máis dispares: alemán, holandés, hebreo, fenicio, grego, etc.

Aínda así, a súa obra foi pouco coñecida no continente e a rigorosidade lingüística do erudito galés non foi quen de pór fin ás especulacións referentes ás diversas falas célticas, non sendo poucos os anticuarios que seguiron a pescudar vencellos entre o galés e o hebreo ou entre o irlandés e o fenicio. Tamén se mantivo vizosa a teoría celto-escítica, defendida principalmente por autores alemáns, que teimaba en incluír dentro do grupo céltico os idiomas xermánicos⁴.

Pero malia o relativo fracaso entre os seus contemporáneos, as conclusións de Lhuyd acordaron un crecente interese polo estudo das linguas respectivas entre os galeses, os escoceses e os irlandeses. Interese que se viu traducido na publicación de numerosas gramáticas, dicionarios e léxicos comparativos.

O XVIII anunciaba tamén unha concepción dos celtas que acadaría un enorme éxito no futuro. Tratábase dunha concepción que era en grande parte o produto do agromar temperán da nova sensibilidade «romántica», a cal se desenvolveu e espallou por Europa a medida que as paixóns do Romanticismo triunfaban sobre a razón da Ilustración. Dela xorden as representacións literarias dos celtas como pobo «natural», sensible e poético; como un pobo relixioso e emotivo, visionario e místico; como xentes condenadas a teren un tráxico destino pero sempre fieis a si propias ata o final. Imaxes estas que remitían a un Celtismo literario situado no limiar do Romanticismo e que tiñan como exemplo senlleiro os poemas

⁴ Sobre o Celtismo lingüístico no XVIII véxase DROIXHE (1978, 1996), LEERSSEN (1997), MORGAN (1981), RIO (2000), TOURNEUR (1905).

«ossiánicos» de James Macpherson e as súas secuelas. Esta concepción «romántica» dos celtas sería recollida e desenvolvida no XIX por autores como Ernest Renan ou Matthew Arnold, para acabar formando parte, aínda hoxe, do imaxinario celtista habitual (cf. CHAPMAN, 1978 e 1992).

Outro aspecto importante do Celtismo no século XVIII foi o aumento da súa presenza na cultura erudita de certos países europeos, como Inglaterra, Francia, Gales ou Bretaña. Medra que non se revelou unicamente no ámbito das investigacións históricas e lingüísticas, mais que tamén se fixo presente noutras manifestacións culturais, e de maneira salientable na literatura da época. É certo que os celtas xa estiveran presentes nas producións literarias dos tempos precedentes. Testemuño diso eran as novelas, as obras de teatro ou os poemas que dende o século XVI viñan tendo como protagonistas aos galos e os britóns da Antigüidade, cos seus reis e princesas, guerreiros, bardos e drúidas. Todas esas obras tiñan a miúdo unha marcada intencionalidade patriótica e presentaban unha visión idealizada dos heroes «nacionais» na resistencia contra os invasores romanos (Vercingetorix, Bonduca, Caractatus...). Porén, o Celtismo literario comeza realmente a agromar con forza no XVIII, con obras de tanto suceso como o poema *The Bard* (1757) de Thomas Gray, inspirado nos bardos britóns e galeses, e por suposto coa saga «ossiánica» creada polo escocés James Macpherson e encetada en 1760.

Macpherson presentaba os poemas como se fosen vestixios xenuínos da antiga poesía celta do seu país —obras do bardo Ossian, fillo de Fingal, quen vivira trescentos anos antes da era cristiá—, que se conservaran e transmitiran por medio da tradición oral. Polo tanto os poemas «ossiánicos» non só se convertían nun exemplo senlleiro do proceso de creación dunha determinada imaxe dos celtas a través da literatura (a imaxe «romántica» que citei enriba destas liñas). Tamén pretendían ser unha mostra auténtica da literatura feita polos celtas. Autenticidade que aumentaba o seu valor en razón da súa suposta antigüidade.

Estes dous feitos —a convición de seren fragmentos da poesías *dos* celtas e que falaban *sobre* os celtas— contribuíu a que o éxito de Ossian en toda Europa puxese de moda a temática celta entre artistas, anticuarios e o público culto en xeral. Isto traducíuse non só na proliferación de celtas «artificiais» —evocados nas poesías, en cadros ou no teatro— coincidindo coa procura de novos modelos literarios e artísticos propia do Romanticismo. Tamén provocou un interese crecente pola literatura auténtica dos pobos considerados celtas. De aí que xurdan esforzos por recoller e publicar a literatura popular —e axiña outros aspectos da cultura tradicional— dos bretóns, dos irlandeses, dos galeses e dos escoceses das Terras Altas. Xa que logo, o triunfo acadado por Ossian na Europa do pre-Romanticismo e do Romanticismo supuxo en boa medida o comezo do triunfo dos celtas no imaxinario occidental, cando menos naqueles países que mantiñan unha relación máis estreita coa cuestión céltica. Ademais de que contribuíu a popularizar unha imaxe dos celtas que resultaba moi atraínte para os contemporáneos engaiolados pola mentalidade «romántica».

Finalmente, máis un síntoma do éxito do Celtismo, este converteuse para certos países e culturas nun elemento cada vez máis importante no proceso de definición e de auto-identificación. Esta funcionalidade ideolóxica non era descoñecida para o Celtismo. Xa no século XVI a reivindicación dos devanceiros galos servira para varios autores franceses como un instrumento de glorificación do Reino e como un estímulo para reflexionar sobre os acontecementos políticos do presente. Igualmente, no XVIII *nos ancêtres les Gaulois* servirán para matinar acerca da identidade de Francia, asemade tendían a fornecer dun pasado glorioso ao país. Por outra banda, a liorta dialéctica mantida entre os defensores dos privilexios da nobreza, que se dicía descendente directa dos francos conquistadores, e os valedores dos dereitos do Terceiro Estado, a masa do pobo que se pensaba herdeira da poboación galo-romana maioritaria ao chegaren os francos, saldouse finalmente logo da Revolución coa vitoria definitiva (cando menos simbolicamente) da herdanza celto-gala representada polo pobo. E así continuaría sendo no imaxinario francés durante toda a centuria seguinte.

Pero quizais, de cara ao futuro, o máis significativo da función ideolóxica do Celtismo no XVIII foi a adopción dos celtas como devanceiros «nacionais» por parte dos bretóns e dos galeses, e en menor medida polos irlandeses e os escoceses. Para bretóns e galeses, a reivindicación dunha orixe céltica tiña a dobre vantaxe de fornecer dunha historia antiga e prestixiosa asemade ofrecía unha identidade diferenciada a respecto dos seus veciños, nomeadamente dos franceses e dos ingleses. No caso bretón, os valedores desa identidade céltica debían ter presente que os franceses reclamaban igualmente aos galos celtas como ancestros. Con todo, os bretóns podían gabarse de seren eles os auténticos descendentes dos galos, como demostraba o feito de a lingua bretona ser a herdeira directa da fala dos antigos habitantes das Galias, idea esta que os anticuarios franceses e europeos levaban afirmando dende o século XVI. Deste xeito reclamaban para Bretaña a primacía no relativo á liñaxe céltica. No caso galés, a adopción do Celtismo viuse facilitada polo devalo da lenda troiana —que ademais os ingleses asumiran como algo propio dende os tempos medievais— e porque para os ingleses tiña máis peso unha identidade saxona ca unha ascendencia céltica a través dos britóns. Así os anticuarios galeses podían presentar ao pobo galés como o abrocho lexítimo xurdido da poboación céltica que se asentara na illa procedente do continente.

Máis dificultades e resistencias atopaba o Celtismo en Escocia e Irlanda, onde as lendas de orixe respectivas sinalaban a ascendencia escítica dos pictos e dos goidelos. Será no XIX cando se produza a plena admisión dos celtas nas xenealoxías e identidades dos dous países, principalmente como resultado dos avances acadados na lingüística comparada, os cales virían confirmar as teses de Lhuyd ao incluír o gaélico entre os idiomas célticos. Aínda que non convén esquecer o influxo que puideron ter nesa aceptación a propagación do Celtismo dende finais do XVIII ou o éxito dos poemas «ossíánicos» (cando menos en Escocia).

Dende o século XIX en diante o Celtismo será unha poderosa arma de reivindicación nacional e cultural naqueles países que se ollaron a si propios como «celtas» —Gales, Irlanda, Escocia, Bretaña— e que estaban inseridos dentro dos poderosos estados de Gran Bretaña e Francia (que, paradoxalmente, tamén imaxinaba unha ascendencia céltica). No caso de Galiza, como é ben sabido, o Celtismo decimonónico tamén cumpriu a miúdo esa función identitaria e reivindicativa. Mais neste artigo cómpre analizar cal foi o lugar que ocuparon os celtas na historiografía galega do XVIII co obxecto de afondarmos máis na historia do noso Celtismo.

3. GALIZA NO CELTISMO EUROPEO

Antes de entrar de cheo no tema deste artigo sería ben deitar unha rápida ollada a unha cuestión que non deixa de ter interese para o mesmo. A cuestión é a seguinte: que pensaban sobre Galiza aqueles autores que escribiron sobre os celtas no século XVIII? Ou, máis directamente, a pregunta sería: os celtistas europeos do XVIII coidaban que os celtas habitaron en Galiza nos tempos antigos? Respostar axeitadamente a esta cuestión esixiría investigacións máis demoradas e maior espazo do que aquí se dispón. Por iso limitareime soamente a esbozar algunhas liñas dun tema amplo e importante á hora de escribir sobre a construción da antiga historia de Galiza. Na análise que farei neste apartado haberei de cingirme a uns poucos autores celtistas estranxeiros (franceses) e a aqueles escritores españois máis significativos que trataron as *antigüidades* hispánicas en xeral e as galegas con máis ou menos detalle.

Pero primeiro será necesario determinar a grandes trazos qué entendían os escritores do XVIII cando falaban de celtas. A este respecto as opinións eran moi diversas. Nembargantes, case todos eles coincidían nun mesmo punto: os celtas do pasado identificábanse cos galos, é dicir coas xentes que habitaran as Galias —Francia, norte de Italia e terras do Rhin— durante a Antigüidade. Resulta obvio que unha coincidencia tal proviña do feito de usaren como información principal para a historia antiga europea as fontes clásicas, nomeadamente os autores latinos que denominaran indistintamente *Celtae* ou *Gallii* aos poboadores das Galias —agás aquitanos e belgas— e que salientaran as comúns semellanzas entre todos eles, aínda recoñecendo tamén distincións e diferenzas entre as diversas tribos e confederacións. No momento de narraren a historia dos celtas e de describiren os seus costumes e xeitos de vida, os anticuarios do XVIII, como xa fixeran os seus predecesores, seguían precisamente as noticias que os escritores gregos e latinos deixaran consignadas verbo dos celtas, galos ou gálatas. Noticias que tamén combinaban con outros tipos de información: «super-videncias» directas do pasado como datos lingüísticos, arqueolóxicos ou etnográficos.

Mais, alén desta coincidencia xeralizada, abríanse varias alternativas.

Para algúns, todos os pobos celtas coñecidos na Antigüidade eran os galos e aquelas poboacións que deles derivaban, pois diversas xentes procedentes da Galia asentáranse noutras terras do occidente europeo. Entre esas ramificacións dos galos contábanse as poboacións galas do norte de Italia; os célticos e os celtíberos da Península Ibérica; as diversas tribos britonas das illas británicas; varias tribos que habitaban alén do Rhin, como os boios ou os tectosagos; e os gálatas de Asia Menor. Desta opinión foron, por exemplo, Jacques Martin e Jean-Daniel Schoepflin, anticuarios franceses, e aqueles escritores británicos que defendían unha orixe continental (isto é, gala) dos celtas de Britania e Irlanda, como xa fixeran no século XVI George Buchanan e William Camden.

Outros afirmaban unha opinión oposta, asegurando en troques que os galos eran un compoñente máis dun extenso pobo celta que vivira espallado por Asia e Europa. Por exemplo, o bieito bretón Paul Pezron relataba a orixe e as migracións deses celtas, así como os distintos nomes que recibiran no decurso do tempo. Primeiro o de gomerianos, cando vivían no seu berce asiático, por seren os descendentes de Gomer, o neto de Noé. Logo o de cimbríos ou cimmericos, nome dado a aqueles que ficaran nas terras da Escitia. Despois o de titáns, para os que residiron en Asia Menor e na Grecia. E finalmente o de galos, cando unha parte dos celtas se establecera nas Galias. Con todo, para Pezron, que se consideraba descendente dos galos como bretón e como francés, estes eran por suposto a porción máis importante e poderosa de todas as xentes célticas.

Outros partidarios dunha concepción ampla dos celtas —non limitada unicamente aos galos— podían seren valedores da tese celto-escítica, consonte a cal todos os pobos que habitaran Europa na Antigüidade, ou unha grande parte deles, eran de liñaxe céltica: galos, britóns, íberos e celtíberos, godos, escitas, xermanos, eslavos, pictos, tracios...Valedores desta teoría *panceltista* foron algúns eruditos franceses, como La Tour d'Auvergne ou Simon Pelloutier, pero sobre todo autores de falas xermánicas, quen teimaban sobre todo en emparentaren aos celtas cos pobos xermanos e escandinavos da Antigüidade. A defensa do parentesco entre celtas e xermanos viña sendo habitual dende o século XVI e no XVIII contará con valedores tan influentes como o filósofo e lingüista alemán Gottfried W. Leibniz.

Cómpre sinalar que os partidarios dunha e doutra concepción dos celtas acodían por igual ás fontes clásicas, usando todos eles as mesmas informacións pero interpretándoas de maneiras moi diferentes para axeitalas ás diversas teorías e preferencias.

Ademais era moi frecuente que se procurase unha ascendencia bíblica para os celtas, xa que o libro da Xénese seguía a ser para moitos o único relato posible acerca das orixes humanas. Polo tanto cumpría vencellar a historia sagrada coa profana, emparentando cos personaxes bíblicos os pobos coñecidos a través das fontes clásicas. De aí que se sinalase a miúdo a Gomer, fillo de Iafet e neto de Noé,

como o devanceiro dos celtas. Outros autores, pola súa vez, podían elixir xenealoxías alternativas que partían de Magog ou de Axcanaç, tamén da descendencia de lafet.

Finalmente, para non me demorar máis neste asunto, aludirei a unha opinión particular de certos autores españois que difería radicalmente das consignadas con anterioridade. Por máis que moitos anticuarios do XVIII mantiñan que na Antigüidade os celtas entraran na Península Ibérica procedentes das Galias e que, na derradeira, os celtas, célticos e celtíberos da Hispania derivaban dos galos — era esta a opinión de Juan Antonio Estrada, de Martín de Ulloa, dos irmáns Mohedano, do portugués Contador de Argote e ás veces de Henrique Flórez—, outros, porén, afastábanse desta opinión frecuentemente admitida dende o século XV en diante.

Xa en 1700 Juan de Ferreras negou que os celtas que habitaran na península foran os galos, pois para el os celtas eran simplemente as xentes que na Antigüidade vivían no occidente europeo, consonte coa opinión do grego Éforo que citaba Estrabón. De acordo coa explicación de Ferreras, os celtíberos eran simplemente os celtas —isto é, os «occidentais»— que residían nas ribeiras do Ebro e non unha mestura de galos celtas e de íberos. Anos máis tarde Manuel Risco, o continuador da *España Sagrada* de Flórez, e quizais inspirado polas opinións deste a respecto da cuestión céltica, sostíña que os celtas eran orixinarios da Península Ibérica e que na realidade os celtas da Galia proviñan dos celtas hispánicos. Con todo, Risco confesaba non saber cal era a orixe derradeira dos celtas, non se atrevendo a facer deles os «aborixes» da península.

Ese paso deuno finalmente o xesuíta catalán Juan Francisco Masdeu a finais da centuria, cando fixo dos celtas e dos íberos os dous pobos «aborixes» de Hispania, saídos os primeiros da xínea bíblica de Túbal e os segundos de Tarxix. El criticaba duramente o Celtismo francés de autores como Pezron, pola súa pretensión de identificar os celtas cos galos «franceses» e por presentar a estes como o pobo conquistador e civilizador de Europa. En troques, na obra de Masdeu falábase de que os celtas «españóis» se espallaran dende o seu berce hispánico orixinal e de que conquistaran varios novos territorios, dando lugar aos pobos galos de Francia e de Italia e quizais fundando Roma. Pero malia os seus ataques aos escritores franceses, o Celtismo hispánico de Masdeu non deixaba de ser unha adaptación/inversión —máis mesurada, iso si— das ideas básicas de Pezron ou de Jacques Martin.

Logo de pasar revista rapidamente ás principais opinións acerca dos celtas é agora cando xa pode retomar a pregunta plantexada ao principiari este apartado e tentar contestala a partir do limitado número de autores que aquí terei en conta: coidaban aqueles anticuarios que escribiron sobre os celtas no século XVIII que os celtas se incluían entre a antiga poboación de Galiza? E a resposta debe ser afirmativa nun número significativo de casos.

Así acontecía, por exemplo, con Paul Pezron, o autor do influente e discutido libro *Antiquité de la Nation et de la Langue des Celtes, autrement apellez Gaulois*

(1703), co cal se inauguraba practicamente o Celtismo no século da Ilustración. Nel dicíase que os celtas ocuparan case toda Europa, dende o extremo oriental, nos límites da Moscovia, onde había un lugar chamado por Plinio o *Promontorium Celticæ*, ata o extremo occidental, na Iberia, na cal se atopaba un *Promontorium Celticum*, que era o actual cabo de Fisterra. E Pezron concluía dicindo que esa denominación antiga de Fisterra estaba debida a que os celtas ocuparan na Antigüidade as rexións noroccidentais de España. O mesmo testemuño e idéntica conclusión aparecían nas páxinas da *Histoire des Gaules* (1752-54) de Jacques Martin.

Tamén Simon Pelloutier, na súa *Histoire des Celtes* (1741), afirmaba a relación entre Galiza e os celtas na Antigüidade. El era un valedor da teoría celto-escítica e polo tanto sostíña que case toda Europa estivera habitada polos celtas. Iso incluía toda a Península Ibérica, onde os celtas, tamén chamados íberos, vivían divididos en varias agrupacións. E dentro dos celtas hispánicos Pelloutier incluía os callaicos do noroeste.

Aínda que dende unha perspectiva oposta, o anticuario Jeann-Daniel Schoepflin, autor dunhas *Vindiciae Celticae* (1754) escritas contra o *panceltismo* celto-escítico de Pelloutier, seguía a localizar os antigos celtas no territorio galego. A súa opinión era que nos tempos antigos numerosos pobos celtas procedentes da Galia fixeran asento na veciña Hispania. El enumeraba entre os celtas instalados na península aos celtíberos, aos célticos da Lusitania e aos célticos do promontorio Ártabro, lugar que identificaba co cabo de Fisterra.

Outro famoso escritor celtista do XVIII, Théophile-Malo La Tour d'Auvergne, volvía recoller na súa obra máis coñecida —*Origines gauloises* (1792)— o vencello entre os celtas e Galiza, asegurando que os antigos galaicos derivaban dos galos celtas. Alén disto, o autor bretón engadía que o nome dos galaicos, así como o dos galegos actuais, proviña, con lixeiras modificacións, do nome dos galos⁵. Pero isto non era todo. Noutro lugar do libro chegaba a establecer unha relación de parentesco entre os celtas galaicos e os habitantes da illa de Irlanda, que para el eran tamén de ascendencia céltica. Segundo La Tour d'Auvergne, a orixe dos irlandeses estaba nas xentes celtas que noutrora habitaran na Galiza, nas terras costeiras da contorna do promontorio lerna (o cabo Ortegal) e do *Promontorium Celticum* (o cabo de Fisterra, topónimo que el interpretaba como «fin da terra» a partir da suposta expresión galo-bretóna *Fin-tyr*). Deste xeito, o celtista bretón amosábase como o «precursor» dunhas das teimas particulares do Celtismo galego decimonónico: a da irmandade céltica entre Galiza e Irlanda. Opinión a súa que adquiriría un relevo particular, pois el escribía nunha época na cal as relacións históricas entre Galiza e as illas británicas, a miúdo imaxinadas na historiografía, moi raramente se concibían en termos celtistas.

⁵ Esta idea non era nova dentro das especulacións etimolóxicas dos anticuarios españois e galegos das centurias precedentes, quen xa tiñan derivado o nome de Galiza dos galos, dos gálatas ou dun composto Galo-Grecia: cf. PEREIRA GONZÁLEZ (2003).

Para rematar con este breve percorrido polo celtismo francés, citarei soamente a Jean-Baptiste Bullet, coñecido polos tres volumes das *Mémoires sur la langue celtique* (1754-1760). O máis salientable desta obra, que defendía a tese celtocéltica e polo tanto a orixe celta de todos os habitantes de Europa, eran os esforzos do seu autor por interpretar unha grande cantidade de topónimos europeos a partir dunha lingua céltica que fora universal en todo o continente durante a Antigüidade. Unha lingua céltica que en parte era invención do propio Bullet e en parte estaba inspirada no bretón, no galés e no gaélico (e no euskara, idioma que Bullet tamén coidaba céltico). Xa que toda a Península Ibérica fora ocupada polos celtas, cumpría tamén explicar os nomes da súa xeografía por medio desa suposta lingua céltica pan-europea. Ademais, as pescudas lingüísticas de Bullet incluían tamén varios topónimos galegos, como A Coruña, Ourense, Lugo, Lemos, Tui, Bouzas, etc.⁶.

Así, foi Bullet o primeiro celtista estranxeiro que demostrou interese polas etimoloxías célticas dos topónimos galegos —aínda que por esas datas xa estaba Sarmiento a pescudar nomes galegos de ascendencia celta— e quen deu para as mesmas unhas interpretacións que perdurarían no tempo. A pegada das súas fantásticas etimoloxías, incluídas as galegas, atoparase en varios eruditos españois do XVIII (Flórez, Risco, Cornide ou Sobreira), por máis que non sempre se aceptasen as solucións dadas por Bullet. Mesmo seguirán presentes nos valedores do Celtismo galego decimonónico, sendo isto máis un testemuño da escasa familiaridade destes autores coas linguas celtas auténticas ca do valor perdurable da obra do celtista francés.

Fica demostrado, xa que logo, con estes poucos exemplos tirados de escritores franceses —calquera que for a súa idea acerca dos celtas— que era habitual nas obras celtistas da época concibir para Galiza unha antiga poboación céltica, quer se falase nelas de todos os habitantes da Gallæcia (os galaicos en xeral), quer se fixese referencia unicamente a algún pobo concreto, por exemplo, os célticos do promontorio Ártabro.

Canto aos principais anticuarios españois do XVIII, neles achamos igualmente afirmada a relación entre os celtas e a historia antiga de Galiza, tamén independentemente de cales fosen as súas opinións verbo dos primeiros. Na *Poblacion General de España* (1748) de Juan Antonio Estrada seguíase o ronsel deixado polos escritores das centurias anteriores, nomeadamente Florián de Ocampo e Rodrigo Méndez Silva, cando se facía dos galos celtas que entraran na Galiza os fundadores de Viveiro, Viana do Bolo e Baiona. Estrada engadía ademais a vella etimoloxía que explicaba o nome de Galiza como unha derivación de Galo-Grecia,

⁶ Consonte as teses de Bullet, A Coruña viría de *coryn/corun*, «lingua de terra»; Ourense de *or ennes*, «auga quente»; Lugo de *lug*, «torre, fortaleza» ou de *llug* «quente»; Lemos de *mos/man*, «solo fértil»... En cada caso, o nome celta facía referencia a unha característica propia do lugar: a península coruñesa, as termas de Ourense e Lugo, as murallas de Lugo, etc. Na realidade o seu método consistía en axeitar as traducións das raíces «célticas» ás características reais ou supostas de cada poboación.

por ser aquel un territorio poboado polos gregos e mailos celtas da Galia. Tamén Henrique Flórez, nos diversos volumes da *España Sagrada* que dedicou a Galiza, admitía aos galos celtas como habitantes do país na Antigüidade. Pero coidaba que o máis seguro era limitar a súa presenza a aqueles pobos cualificados como célticos nas fontes clásicas —os célticos, os nerios e os presamarcos— e aos lugares onde ficaran pegadas da súa estadía reflectidas na toponimia, como a antiga Brigancio (A Coruña e Betanzos), nome que viña do celta *briga*, «cidade, vila». Do mesmo xeito Martín de Ulloa, no *Tratado de Cronología para la Historia de España* (1796), sinalaba como parte dos celtas da Galia que pasaran a Galiza aos mesmos pobos citados por Flórez e polos escritores clásicos.

O portugués Jeronymo Contador de Argote, nas *Memorias para a Historia Ecclesiastica do Arcebispado de Braga* (1732), engadía que os celtas que noutrora ocuparan a Galiza proviñan da Céltica —*i. e.* as terras lusitanas situadas entre os ríos Texo e Guadiana— e á derradeira da Galia. Ao se asentaren no país galego expulsaron aos ligures que habitaban no extremo noroccidental da península, como se podía deducir do poema *Ora Maritima* de Rufo Festo Avieno. Anos máis tarde o continuador da *España Sagrada*, Manuel Risco, mantivo unha opinión semellante á do escritor portugués, afirmando que os celtas que se espallaran pola península dende a Lusitania botaran aos ligures das terras setentrionais, Galiza incluída. Disto deducía seguidamente que todos os galaicos, astures e cántabros eran pobos celtas. Polo tanto os antigos «galegos» falaban unha lingua céltica, consonte atestemuñaban tamén algúns dos topónimos recollidos e explicados por Bullet, como o nome do río Miño (de *min*, «río» ou «cor vermella») e o da bisbarra de Lemos (do céltico «terra fértil»).

No primeiro volume da *Historia literaria de España* (1766) dos irmáns Rafael e Pedro Rodríguez Mohedano datábase a chegada dos galos celtas a Hispania no século VII antes da era cristiá. Seguindo as informacións fornecidas por Estrabón, os Mohedanos dicían que os celtas galegos estaban representados polo pobo dos célticos, os cales viñeran dende o sur da península, logo de faceren, a carón dos túrdulos da Bética, incursións ao longo da Lusitania e polas terras meridionais da Galiza. En consecuencia con isto eles negaban que os celtas ocupasen as rexións máis setentrionais da península (a Galiza dende Fisterra, Asturias, Cantabria e Euskadi).

Finalmente, Juan Francisco de Masdeu fornecía no primeiro volume da súa *Historia Crítica de España y de la cultura española* (1783) unha concepción moi diferente dos celtas, como «aborixes» hispánicos, que era contraria ao Celtismo francés e que estaba inspirada por Risco. Aínda así, el mantiña intacta a relación dos celtas con Galiza. Na súa opinión, a nación céltica ou tubalita abranguía orixinariamente a totalidade da parte occidental da península e incluía no seu seo a todas as xentes galaicas. Tamén facía derivar os celtas setentrionais —lusitanos, galaicos, astures, vascóns— daqueles que antes viviran no sur peninsular e que despois se espallaran polas rexións norteñas, contra o ano 1500 antes da era cristiá.

Como se puido comprobar ao longo deste apartado, a relación dos celtas coa antiga historia de Galiza estaba sobexamente establecida na historiografía española e nos principais representantes do Celtismo francés do XVIII. Con todo, as mencións a Galiza eran sempre escasas e breves. As fontes de información empregadas para afirmar esa relación eran os autores clásicos e a axuda dalgunhas etimoloxías de topónimos galegos, antigos e modernos. Outras fontes de información posibles e que xa eran habituais por entón nos estudos de *antigüidades*, como eran as arqueolóxicas ou as etnográficas, non se tomaban en consideración no caso dos celtas galegos. E cómpre sobrancear un detalle de importancia: as referencias aos celtas galegos limitábanse unicamente ao pasado. Ningún autor mencionaba que a poboación galega do presente era «celta» ou que descendía directamente dos celtas, nin se procuraban sinais vivos deles na Galiza actual (verbas ou costumes) alén duns cantos topónimos célticos «fossilizados».

É tempo xa de dirixírmonos aos escritores galegos para comprobar como se reflectía neles o tratamento destas cuestións.

4. OS CELTAS NA HISTORIOGRAFÍA GALEGA

A diferenza do apartado anterior, a miña análise da historiografía galega seguirá agora unha orde cronolóxica por mor de dexergar con meirande claridade as variantes e as evolucións que se poidan presentar no tratamento do Celtismo galego. Deste xeito é posible distinguir a respecto do mesmo tres etapas diferentes que xiraban ao redor da figura e da obra de frei Martín Sarmiento, quen, como se verá neste apartado, sobrancea como figura senlleira na historia do noso Celtismo. Unha primeira etapa abrangue as primeiras décadas do século XVIII, con aqueles autores que eran anteriores a Sarmiento, ou en parte contemporáneos del, como Huerta e Rioboo Seixas. A segunda etapa cingúese ao propio Sarmiento e abrangue dende a década de 1740 ata 1770 (frei Martín morre o ano 1772). Finalmente, a terceira ocupa as décadas derradeiras da centuria e inclúe aos autores posteriores a Sarmiento.

Primeira etapa

A primeira etapa caracterízase pola escaseza de referencias aos celtas, así como pola dependencia a respecto da historiografía anterior á hora de concibir a presenza dos celtas no territorio galego. Así, Jacobo de Castro, seguindo unha tradición historiográfica que remontaba a finais do século XV, escribía na *Primera parte de el Arbol Chronologico de la Santa Provincia de Santiago* (1722) que entre os antigos habitantes de Galiza se contaban os gregos e mailos celtas e que estes dous pobos fundaran conxuntamente a cidade de Viveiro. Esta última noticia non se achaba nos escritores precedentes, quen só falaran de Baiona e de Viana do Bolo como poboacións dos celtas, aínda que posteriormente sería recollida na

Poblacion General de España de Juan Antonio Estrada e engadida ás fundacións célticas xa coñecidas. Tamén o bispo de Ourense, Juan Muñoz de la Cueva, autor dunhas *Noticias Históricas de la Santa Iglesia Cathedral de Orense* (1726), falaba de que nos tempos antigos unha «Armada» de galos e de gregos viñera poboar as terras galegas algúns séculos antes de os romanos alí chegaren. Esa era a causa, engadía, de que a antiga denominación do país fose a de Galogrecia — como xa dixerá Florián de Ocampo no século XV—, da cal derivaba o actual nome de Galiza.

Outro anticuario galego da primeira metade do século, Antonio Rioboo Seixas, afirmaba igualmente na súa *Descripcion Chorographica y topographica antigua de el Reino de Galicia* (traballo que ficou manuscrito) que os galos celtas habitaran en Galiza durante a Antigüidade. E a pesar de que el admitía tamén a presenza dos gregos na antiga Galiza, sen embargo non estaba de acordo coa «*opinion comun y vulgar*» que facía derivar o nome do país dun suposto Galogrecia, en razón dos poboados de galos e de gregos. En troques, acodía a unha etimoloxía que se inspiraba directamente en Isidoro de Sevilla e que non deixaba de sinalar unha certa relación —cando menos fonética— cos celtas da Antigüidade: o nome de Galiza proviña na realidade da antiga denominación do país, Galacia ou Calacia, palabra que tiña o significado de «terra fría e branca», nome que levaba por causa do clima galego, frío e montesío⁷.

Todas as mencións aos celtas presentes na historiografía galega desta primeira etapa eran moi escasas e breves e non estaban acompañadas de ningún tipo de probas que as apoiasen (históricas, lingüísticas ou arqueolóxicas). Remítan, iso si, a lugares comúns da historiografía española e galega, a opinións que na derradeira se orixinaban nunha interpretación determinada das fontes clásicas que viña sendo habitual dende Joan Margarit e Florián de Ocampo. Polo demais, nesta etapa non se atopan pegadas do Celtismo europeo, nin de Pezron, Lhuyd ou outros autores anteriores.

Dentro desta primeira época do Celtismo no XVIII hai que facer tamén referencia a un dos primeiros exemplos de anti-Celtismo galego. O responsable era o cronista do Reino de Galiza, Francisco Xavier Manuel de la Huerta y Vega, nos *Anales de el Reyno de Galicia*, o primeiro volume dos cales saíu do prelo no ano 1733. Nese libro Huerta negaba expresamente que os celtas procedentes da Galia pasasen a habitar o territorio galego na Antigüidade, malia as opinións favorables de varios autores anteriores e contemporáneos. A súa opinión era sempre contraria ás migracións e colonizacións de pobos estranxeiros na Galiza e na península, argumentando para iso que non se precisaba de xentes foráneas —gregos ou celtas— para defender a antigüidade, a importancia e as glorias dun reino como o de Galiza. Pois a historia dos seus primeiros habitantes, chamados

⁷ Acerca da etimoloxía de Isidoro de Sevilla e do seu influxo posterior na historiografía galega, cf. PEREIRA GONZÁLEZ (2003).

por el simplemente «galegos», abondaba sobexamente para garantir todos os seus títulos honoríficos. Por iso aqueles pobos da Gallæcia que outros anticuarios viñeran alcumando de «celtas» seguindo as fontes clásicas —é dicir, os nerios, os presamarcos e os célticos—, pola contra eran para Huerta unicamente «galegos» antigos.

Atendendo ao anti-Celtismo deste autor resulta paradoxal que fose precisamente Huerta o primeiro en propor para o nome de Galiza unha etimoloxía que estaba inspirada nas linguas celtas, por máis que el non fose consciente disto (ou non quixese selo). Logo de desbotar diversas explicacións etimolóxicas presentadas con anterioridade, entre elas a de Galogrecia, Huerta adiantaba a súa propia teoría, na cal se facía proceder Galiza de Callecía e da antiga poboación de Calle, nas ribeiras do Douro. Xa Isaac Vossius, na súa edición de Pomponio Mela, suxerira derivar Galiza de Calle. Pero Huerta ía máis lonxe e propuña que, na derradeira, tanto Callecía e Calle proviñan dunha antiga palabra galega, *kaled*, voz que significaba «duro» ou «esgrevio». Adxectivos estes que se explicaban en razón da natureza do país e dos seus habitantes orixinais: «*epictetos que son propios de la Nación, y Pais Gallego; Ella invencible, El inconquistable*». Hoxe sabemos que dentro das modernas linguas célticas o bretón *kalet* e o galés *caled* teñen idéntico significado de «duro». O propio Huerta sabía que na lingua britona (i. e. o galés) existía a verba *kaled* co senso de «duro», «áspero». De aí, explicaba, viña a denominación de Caledonia para as terras montañosas do norte de Britania. Pero na teoría de Huerta non había nada de Celtismo, pois para el a verba *kaled* non era céltica, porque pertencía aos galegos antigos, que non eran celtas. Mais tarde a palabra pasara tamén ás illas británicas por mor das migracións efectuadas polas xentes galegas na Antigüidade. Ademais Huerta relacionaba a verba «galega» *kaled*, así como o fenómeno da permutación do C en G, co idioma hebreo, no cal incluso existían voces como *kelid* ou *gelid*, «endurecer», e *galad*, «dureza». Este oportuno vencello coa lingua bíblica viña confirmar definitivamente a súa teoría, pois «*assi como los Hebreos permutan la C en G, assi la lengua Española pronuncia Galicia, el antiguo Calecia Nombre de esta Region*».

Non se sabe con seguridade que fontes, a parte de Vossius, serviron de inspiración a Huerta ou se este empregou algún dicionario do idioma «céltico» (isto é, galés ou bretón). É moi posible que unha fonte directa fose o francés Samuel Bochart, autor ben coñecido polos anticuarios dos séculos XVII e XVIII, e quen na súa *Geographia Sacra* fixera proceder a palabra galesa *caled* do hebreo-fenicio *galad* («dureza»). Quizais usou tamén a *Britannia* de William Camden, libro onde se explicaba o nome de Caledonia a partir do britón-galés *caled* con idéntica razón á que daba Huerta y Vega.

Segunda etapa

Coa segunda etapa chegamos xa a frei Martín Sarmiento e con el teñen lugar unha serie de avances significativos no tratamento do Celtismo dentro da historia

antiga de Galiza. A través da extensa obra do bieito galego non só o tratamento da cuestión céltica aumentaba de xeito sensible a respecto dos anticuarios que o precederan, senón que ademais se presentaban un conxunto de probas lingüísticas coas que se daba conta da pegada deixada polos celtas nas terras galaicas. Con isto último inaugurábase o Celtismo lingüístico na historiografía galega. Hai que engadir ademais que Sarmiento xa amosaba ter coñecemento dalgúns autores e obras do Celtismo europeo do XVIII⁸.

Por estes motivos é polo que coído non ser desacertado aplicarlle a Sarmiento o cualificativo de «precursor» do Celtismo galego contemporáneo, no sentido de consideralo como unha ponte entre a «prehistoria» do Celtismo galego, que era propia da historiografía anterior ao XVIII, e a medra espectacular que este experimentou durante o século XIX, convertido xa por entón na peza central da historia e da identidade galegas. Tendo en conta que foi el quen no século XVIII concedeu unha meirande atención aos antigos celtas habitantes de Galiza e que asemade presentou en xérmolo teorías e achegamentos ausentes nos anticuarios que o precederan, mais que acharemos desenvolvidos nos celtistas do XIX, non creo trabucarme dándolle esa designación. Con todo, dado que unha grande parte dos escritos onde trataba dos celtas ficaron manuscritos e foron de difícil acceso aos investigadores posteriores, a influencia de Sarmiento no ulterior desenvolvemento do Celtismo galego non foi todo o importante que puido ser.

Sarmiento non dedicou ningún dos seus traballos íntegra ou expresamente aos celtas como os antigos habitantes de Galiza, como tampouco non consagrou ningún enteiramente ás *antigüidades* galegas. Nembargantes, e dado o interese que sentía pola antiga historia do país onde naceu e pasou a infancia, achamos aquí a acolá, en escritos de temáticas moi diversas, numerosas mencións aos celtas e a outras cuestións que atinxían ao estudo das *antigüidades* de Galiza. Como neste artigo non será posible seguir paso a paso e con todo detalle todas as referencias aos celtas, limitareime a facer un resumo dos aspectos máis importantes e significativos dos seu Celtismo.

En numerosas ocasións Sarmiento sinalou aos celtas como habitantes da Galiza pre-romana, entre outras xentes que tamén poboaron o país nos tempos antigos, como foron os gregos. Por exemplo, nas *Memorias para la Historia de la Poesía, y Poetas españoles* (escrito no ano 1745 e publicado postumamente en 1775) dicía que non había dúbida acerca da presenza dos celtas na Península Ibérica durante a Antigüidade. Os celtas, proviñentes das Galias, entraran na Península Ibérica cruzando os montes Pirineos e no centro da mesma algúns xuntáronse cos íberos, dando lugar ao pobo dos celtíberos. Outros marcharan cara ao sur, instalándose nas terras da Bética e da Lusitania. Logo, como relatara

⁸ Dediquei un artigo anterior á faciana de frei Martín Sarmiento como anticuario; cf. PEREIRA GONZÁLEZ (2002). Nel insírese tamén o Celtismo de Sarmiento dentro do contexto dos seus escritos acerca das *antigüidades* galegas.

o grego Estrabón, algúns deses celtas meridionais chegaron ata o noroeste peninsular, onde se asentaron dando lugar a diferentes agrupacións que se localizaban nas rexións setentrionais do territorio, por exemplo os celtas nerios e os celtas presamarcos. A pesar de que gregos e galos celtas ocuparon as terras da Gallæcia, os primeiros no sur e os segundos no norte, Sarmiento negaba que o nome de Galiza viñese dun suposto Galogrecia (que en verdade, dicía, era unha rexión de Asia Menor, a Galacia), senón que derivaba da tribo dos callaicos ou galaicos.

Esta era a cerna do relato histórico co cal daba conta da presenza dos celtas en Galiza. Será tamén o que repetirá noutros escritos posteriores, engadindo ocasionalmente novos detalles, como por exemplo os nomes doutros pobos celtas da Gallæcia, citados ou non nas fontes clásicas: célticos, ártabros ou arotrebas, brigancios, nemetes, carnotenses, centróns, etc. Todas estas xentes célticas situábaas ocupando un territorio que abranguíaa dende Fisterra ata Viveiro. Con todo, ese relato non era algo novidoso, pois Sarmiento seguía a historiografía hispánica anterior e, por suposto, baseábase naquelas fontes greco-romanas (Estrabón, Plinio ou Pomponio Mela) que falaran de certos pobos célticos asentados nas terras galaicas. Aínda que el engadía novos datos, procedentes a meirande parte das veces de probas lingüísticas.

Aquí estaba, precisamente, a novidade máis importante achegada por Sarmiento á historia do noso Celtismo: a pescuda dos vestixios lingüísticos deixados en Galiza polos celtas. Así encetaba o Celtismo lingüístico na historiografía galega, pois a busca de pegadas do idioma dos antigos celtas na toponimia e na lingua de Galiza era algo que non fixera ningún dos seus predecesores. E esa novidade tan significativa estaba debida ao forte interese que frei Martín sentía polas linguas e polas etimoloxías, e moi especialmente polo idioma galego e polas orixes das verbas e dos topónimos galegos.

Xa nas *Memorias* afirmara que os antigos galegos falaban o idioma dos celtas: «*los versos que cantaban los Gallegos, estaban en lengua céltica*», dicía, interpretando unha pasaxe de Sillio Itálico referida aos galaicos. Ese convencemento levouno en escritos posteriores a tentar atopar algunhas das «supervivencias» lingüísticas que puidesen ser consideradas un indicio do paso dos celtas polo país galego. Gracias a elas sería posible ademais completar as noticias deixadas polas fontes clásicas, así como establecer unha metodoloxía que permitise a posteriores investigadores poder dexergar e tracexar aquelas partes do territorio ocupadas noutrora por xentes celtas. El coidaba, por exemplo, que nomes como Sil, Sálvora, Samos, Bergantiños, Dubra, Lambre, Cambre, Tiobre, Fiobre ou Barallobre, eran de orixe céltica e que, xa que logo, podían informar ao atento anticuario do paso dos celtas por esas terras. Pero ademais, gracias a unha interpretación atenta da toponimia, o anticuario sería quen, nalgúns casos, de enxergar e de determinar os límites territoriais de agrupamentos concretos dos celtas.

Iso era o que quixo facer no *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (escrito entre 1757 e 1768). Nas poucas páxinas deste traballo dedicadas a esa

cuestión podemos observar como Sarmiento se valía dos datos lingüísticos para estudar o pasado celta de Galiza. Por exemplo, dentro dos límites do arciprestado compostelán de Postomarcos el cría atopar un testemuño serodio do territorio dos antigos celtas presamarcos, citados nas fontes clásicas, que precisamente deixaran o seu nome «fossilizado» na toponimia posterior. E o mesmo acontecía co arciprestado de Céltigos, que fora na Antigüidade o territorio da agrupación dos célticos. Ademais, seguindo un procedemento en parte inverso, Sarmiento podía conxecturar, gracias aos topónimos actuais, a existencia de antigas tribos célticas que deixaran despois a pegada dos seus nomes na toponimia do país, a cal daba así conta dos asentamentos orixinais dos celtas: os nemetes en Nendos, os tiburos en Tribes, os carnotenses en Carnota, os brigantes en Bergantiños, etc. Outras apelacións tribais como as de carnotanos, centróns ou nemetanos aparecían na Galiza e na Galia, o berce deses pobos celtas, co que se demostraba o parentesco existente entre os Galos celtas e os celtas galaicos.

Algunhas destas especulacións lingüísticas relacionadas cos celtas, por exemplo a explicación do topónimo de Céltigos a partir do pobo dos célticos e o de Bergantiños a partir duns celtas brigantes, serían despois recollidas e repetidas polos seus contemporáneos (como Henrique Flórez) e polos celtistas posteriores (como Murguía).

Na arela por descubrir vestixios lingüísticos dos celtas non se limitou á toponimia senón que se interesou igualmente polo que hoxe chamaríamos o «substrato céltico» do idioma galego, adiantando así, máis unha vez, enfoques que logo serían habituais entre os celtistas decimonónicos. Se ben non se ocupou desta cuestión de maneira detallada e sistemática —admitindo un coñecemento insuficiente das linguas celtas—, hoxe podemos atopar, espaxadas polos seus escritos lingüísticos, curiosas observacións acerca da posible ascendencia céltica de certas palabras galegas: *laverca*, *biqueira*, *britar*, *maragota*, *xistra*, *braña*, etc.

Antes de seguir adiante convén aclarar que Sarmiento abranguíu baixo a denominación de celtas non só os galos e as xentes que derivaban deles —como os distintos pobos célticos da Iberia—, senón, en xeral, a todos os habitantes da Europa setentrional, incluíndo a britóns, escitas e xermanos: «*Este nombre Celtas no solo significa los países de Francia [é dicir, as Galias] , sino tambien á todo género de países Septentrionales, Scythas, Sármatas, Germanos, Britanos, Getas, y Cymbrios*», dicía nas páxinas das *Memorias para la Historia de la Poesía, y Poetas españoles*. Enténdese así que Sarmiento considerase como linguas célticas non só o idioma dos bretóns e dos galeses modernos, linguas que eran herdeiras directas das falas de galos e de britóns, mais tamén as linguas dos antigos suevos, godos e saxóns, os idiomas escandinavos e mesmo o inglés e mailo alemán. Afirmaba igualmente que as runas usadas noutrora como escritura polos habitantes da Escandinavia eran un alfabeto celta. Deste xeito el seguía as opinións daqueles valedores da tese celto-escítica, que propugnaban a identificación entre os celtas e os xermanos da Antigüidade: uns e outros formaran parte dun mesmo pobo, con idéntica orixe, modos de vida semellantes e que posuían unha

mesma lingua dividida en varios dialectos. A prol desta opinión Sarmiento citaba os traballos lingüísticos de Gottfried W. Leibniz, recollidos nas *Collectanea Etymologica* (obra que Sarmiento posuía) onde se defendía esa unidade celto-xermana.

Co tempo Sarmiento desenvolveu unha teoría máis complexa sobre a presenza celta na Galiza, a cal incluía non unha única irrupción dos celtas no territorio galego, como se recollía na historiografía anterior, senón catro vagas migratorias diferentes. Ese esquema migratorio aparecía na *Obra de 660 pliegos*, unha «magna obra» en varios volumes que foi redixindo ao longo dos anos e que trataba de temas moi diversos. El concibía unha primeira migración, a cal non situaba cronoloxicamente, que levara aos celtas das illas británicas a se instalaren en Galiza e por toda a costa setentrional da península. Dela ficaban como probas certas semellanzas toponímicas entre Galiza e Gran Bretaña. Por exemplo, a illa Silura na Galiza (a actual Sálvora) e o antigo pobo dos Siluros de Britania; ou o río Dubra na primeira e o *Portus Dubris* (Dover) na segunda. A segunda migración era a dos de celtas procedentes das Galias, aquela que consignaran as fontes clásicas e recolleran os autores dos séculos XVI e XVII. Estaba atestemuñada polos escritores da Antigüidade e polas semellanzas dexergadas entre os vestixios das linguas celtas da Galia e da Galiza. E por último houbera dúas migracións sucesivas de pobos celtas acontecidas xa en tempos plenamente «históricos». Primeiro a dos suevos e despois a dos godos, das que tamén ficaban testemuños sobexos na lingua e na toponimia do país. Como consecuencia destes movementos de poboación que resultaban nun mesmo destino final, Sarmiento concluía que Galiza fora sempre o término das distintas «transmigracións» dos celtas.

É de salientar que o achegamento de Sarmiento á cuestión do poboamento celta de Galiza facíase dende unha perspectiva en boa parte lingüística, axudada tamén polas fontes clásicas habituais. Tamén eran lingüísticos os testemuños que presentaba a prol das súas opinións —topónimos e varias palabras presentes no galego—, así como o seu obxectivo fundamental ao salientar o lugar que ocupaban os celtas nas *antigüidades* galegas: a saber, sinalar as achegas da lingua celta ao idioma galego. El calculaba que de cen palabras galegas, noventa derivaban do latín e as dez restantes tiñan unha procedencia céltica, calquera que for a época na que se introduciran en Galiza. Neste sentido, gracias á hipótese das sucesivas migracións celtas, abríase un amplo eido de investigación lingüística para o anticuario, quen debería individualizar dentro do «substrato céltico» as palabras que pertencían ás diferentes camadas lingüísticas correspondentes a cada un dos movementos migratorios dos celtas. Era este un difícil labor (como el propio recoñecía), que Sarmiento deixou unicamente apuntado. Quen decidise dedicarse a ese traballo debería ser un bo coñecedor das linguas, antigas e modernas, da Europa setentrional —requisito que el confesaba non cumprir— e tería que se axudar dos dicionarios, gramáticas e glosarios que existían para o estudo das mesmas.

A pesar de que por esa falla de coñecementos non profundizou na liña de investigación aberta por el, tamén é certo que en ocasións Sarmiento tirou partido do seu amplo saber en materia lingüística para descubrir os vestixos que ficaran na Galiza da lingua dos celtas. Nesa tarefa axudouse, por exemplo, do *Glossarium ad scriptores mediae et infimae latinatis*, de Charles Du Cange; de *Les origines de la langue françoise*, de Charles Ménage; do dicionario de Trévoux; da *Collectanea Etymologica* de Leibniz; do dicionario francés-céltico, ou francés-bretón, de Grégoire de Rostrenen; do famoso libro de Paul Pezron, *Antiquité de la Nation et de la langue des Celtes*, o cal contiña nas páxinas finais un glosario de termos bretóns comparados con palabras do latín, grego e alemán; así como de diversas obras consagradas ás linguas xermánicas, antigas e modernas (xa que Sarmiento coidaba que eran célticas), como o *Thesaurus antiquitatum teutonicarum*, de Johann Schilter⁹.

Deste xeito, Sarmiento aparecía tamén como «pioneiro», dentro da historia do Celtismo galego, á hora de empregar as obras que producira a erudición europea para investigar verbo do pasado celta de Galiza, por máis que o sobrio Celtismo do bieito galego estivese moi afastado das andrómenas e das esaxeracións do tamén bieito Pezron.

Porén, hai un aspecto no que o Celtismo de Sarmiento non foi precursor de posteriores desenvolvementos do Celtismo galego. Refírome ao emprego de vestixos arqueolóxicos como «supervivencias» materiais dos celtas. A pesar de que foi Sarmiento un anticuario moi atento aos restos materiais do pasado, interesado no uso dos mesmos como fonte histórica de grande importancia para informar acerca dos tempos máis recuados da historia galega, nunca presentou probas arqueolóxicas do paso dos celtas por Galiza. Foi el o primeiro anticuario galego que coñecemos que tivo en conta as mámoas como vestixio do pasado digno de ser observado e estudado, e quen clamou pola súa conservación. Pero se no século XIX as mámoas e as antas, a carón doutros restos megalíticos e dos castros, serán para os celtistas galegos os monumentos «célticos» por excelencia, para frei Martín, pola contra, tratábase de monumentos funerarios romanos que as xentes máis modestas erguían a rentes dos camiños.

Xa que logo, non se preocupou de descubrir as pegadas arqueolóxicas dos celtas. Como tampouco non procurou «supervivencias» célticas nos costumes e nas crenzas da poboación galega contemporánea. Procura que será de tanto interese para os homes do XIX. Con todo, foi el o precursor dunha idea moi querida polos escritores decimonónicos: a orixe celta da gaita, o instrumento musical que se convertería máis adiante nun símbolo da cultura galega. Aínda así, o Celtismo etnográfico na obra de Sarmiento non foi alén desta simple referencia. Nunca ficou suxerido nos seus escritos que existise unha esencial continuidade entre os

⁹ Nalgúns escritos demostraba coñecer por referencias o dicionario «céltico» de Jean-Baptiste Bullet, pero semella que nunca chegou a consultalo directamente.

antigos habitantes celtas do país e as xentes actuais. Nin sequera pensaba que a poboación da Gallæcia estivo formada por celtas na súa totalidade.

Neste aspecto reside a principal diferenza —fundamental— que se ergue entre el e os celtistas do XIX, quen fixeron dos celtas a cerna da identidade galega. Pois Sarmiento non considerou aos celtas como os únicos devanceiros do pobo galego, nin sequera como os máis importantes. En troques, nunca dubidou que foi a civilización romana, de entre todas as da Antigüidade, a que deixou unha impresión máis fonda e duradeira na configuración de Galiza como país diferenciado, comezando, claro está, polo idioma.

Terceira etapa

Nesta terceira e última etapa o interese polos celtas amosábase de xeito ben nido entre os anticuarios galegos. Interese ao cal contribuíu en boa medida a influencia de Sarmiento. Isto facíase evidente sobre todo na orientación basicamente lingüística que tinguíu o Celtismo dos eruditos das derradeiras décadas do século XVIII, nomeadamente no caso de Joseph Cornide Saavedra e de Juan Sobreira Salgado, quen serán os dous autores nos que me centrarei nas liñas seguintes.

Despois de Sarmiento, o coruñés Cornide Saavedra foi o anticuario galego máis sobranceiro de todo o XVIII. Desgraciadamente moitos do seus traballos eruditos ficaron manuscritos, conservados en grande parte na *Real Academia de la Historia* (da cal foi secretario), e iso empeceu un mellor coñecemento da súa obra por parte das xeracións posteriores de investigadores das *antigüidades* galegas. Ao igual ca Sarmiento, Cornide tamén se interesou pola xeografía antiga de Galiza —a localización das poboacións e das xentes da Gallæcia, o trazado das vías romanas—, polos restos arqueolóxicos e polas etimoloxías dos topónimos galegos. Datos todos estes que utilizou como medio para se achegar ao coñecemento dos primitivos habitantes do país. E como fixeran Sarmiento e outros antes ca el, tamén incluíu aos celtas entre aqueles.

Por exemplo, nun escrito que levaba como título *De los primeros pobladores de Galicia*, Cornide afirmaba que as primeiras xentes que habitaran na Galiza foran as mesmas que poboaran o resto da península: a saber, os iberos ou ligures que proviñan de Oriente (facéndose aquí eco das teses de Contador de Argote e de Manuel Risco). Máis tarde chegaron os celtas a Galiza, tamén dende Asia e logo de atravesaren toda Europa. Ocuparon todo o territorio e os ligures deberon retirarse, pasando a vivir nas montañas de Cantabria. Este era o episodio histórico que, consonte Cornide, ficaba reflectido no poema de Avieno *Ora Maritima*, cando se falaba de como os ligures chegaran ata Ophiusa-Oestrymnia logo de seren expulsados das súas terras polos celtas. No mesmo traballo deixaba claro que a información tirada dos testemuños lingüísticos podía ser útil á hora de rastrexar a presenza dos celtas. Estes, no decurso das súas viaxes polo continente europeo, foran deixando as pegadas do seu nome, celtas ou galos, alí onde se asentaran

sucesivamente: a Celtica de Crimea, os gálatas de Asia Menor, a Galitzia en Polonia, os galos de Francia, e Galiza e os galaicos na Península Ibérica.

O interese polas etimoloxías célticas manifestábase igualmente noutros dos seus traballos. Nun seu *Catálogo de palabras gallegas* apuntaba a probable orixe celta de varias verbas galegas, como eran *bisarma* e *laverca* (seguindo quizais unha idea anterior de Sarmiento) ou *mera*. Acerca desta última palabra, para a cal daba o significado de «brétema mesta que vén do mar», el facía derivar do céltico *mera*, «auga», unha explicación etimolóxica que estaba tirada de Bullet. Cornide citaba en ocasións a este autor, aínda que non sempre con aprobación. Así, na *Descripcion de la Costa de Galicia*, aceptaba un suposto termo céltico dado por Bullet para explicar a etimoloxía da Coruña —*coru* ou *coring*, «lingua de terra, península»— e que Cornide usaba para explicar o nome do promontorio Lapatia Coru, que fora situado por Ptolomeo entre os galaicos lucenses, como punta ou cabo de Lapatia. Porén, nuns apuntamentos sobre toponimia hispánica criticaba o que consideraba os excesos «celtistas» de Bullet, de quen dicía pretender reducir as etimoloxías de moitos lugares de Galiza e de toda a península «a *su lengua favorita*» (isto é, o «céltico»), mediante teorías moi discutibles e arbitrarias¹⁰.

Noutra das súas listaxes toponímicas —a chamada *Lista de algunos Pueblos, Rios, Montes e Yslas de Galicia que parecen de origen Celtico; ô a los que no se les descubre semejanza con el latín*— recollía unha boa cantidade de topónimos galegos actuais aos que lles supuña unha procedencia céltica. Topónimos moi variados como Arou, Arousa, Araño, Ambroa, Beluso, Bretoña, Corme, Dubra, Eume, Fiobre, Grobe, Lambre, Nabía, Narón, Oza, Perbes, Sar, Tambre, Tambo, Tiobre, Sálvoa, Umia, Ulla, etc. Algúns deles estaban claramente inspirados polas etimoloxías celtas de Sarmiento. Cornide non daba unha explicación do significado deses nomes a partir da antiga lingua dos celtas, como si fixera Bullet. Tampouco non tiraba deles informacións acerca das migracións dos celtas ou das localizacións das diversas agrupacións dentro do territorio galaico, como fixera Sarmiento. Pero si é ben significativo do interese polos celtas que daquela estaba a xurdir nas *antigüidades* galegas o feito de que Cornide procurase no idioma dos celtas aqueles topónimos que para el non amosaban unha procedencia latina clara.

O influxo de Sarmiento albiscábase tamén seguramente cando Cornide interpretaba as medoñas e as antas como construcións funerarias romanas. Eran estas aqueles monumentos que os habitantes das rexións máis afastadas do Imperio

¹⁰ Pola contra, outro escritor de finais do XVIII, Freire de Andrade, valoraba moi positivamente as achegas de Bullet e a súa utilidade para as *antigüidades* galegas. Autor dunha *Memoria sobre la Silla Celense* (traballo ás veces atribuído a Cornide), dáalle ao nome dese antigo bispado unha etimoloxía céltica —de *cell*, «habitación»— que estaba inspirada no dicionario céltico do «*diligentissimo*» Bullet, autor «*a quien debemos el Diccionario de esta lengua muerta cuyo conocimiento importa tanto, para investigar la etimologia de muchos Pueblos de esta Provincia*».

ergueran modestamente con terra e pedras. Deuse así o curioso paradoxo de que dous eruditos como Sarmiento e Cornide, interesados no pasado celta de Galiza, precursores da arqueoloxía galega e os primeiros en teren en conta as mámoas nas investigacións sobre o pasado galego, non encetasen igualmente o Celtismo arqueolóxico na nosa historiografía mediante a atribución aos celtas dos monumentos megalíticos (ou dos castros) atopados no país. Máxime cando esa atribución era xa algo habitual en varios anticuarios europeos contemporáneos, algúns dos cales, como o francés Bernard de Montfaucon, eran ben coñecidos polos dous galegos. Pero os datos cos que contamos sinalan que a asignación dos megálitos aos celtas estivo ausente da historiografía galega do século XVIII.

Contemporáneo e amigo de Cornide, Juan Sobreira Salgado escribiu tamén acerca das *antigüidades* de Galiza e amosou interese polos celtas, guiado polos traballos daquel e máis de Sarmiento.

Ao igual ca frei Martín, Sobreira mantivo unha concepción ampla dos celtas, abranguendo con ese termo aos pobos da Europa setentrional, galos, escitas ou xermanos. E, como Sarmiento, tamén falou da existencia de varias vagas migratorias de xentes celtas que entraran no país durante a Antigüidade. Verbo disto, dicía no seu escrito titulado *Galicia Ilustre* que diversas xentes vindas das terras setentrionais e que compartían unha mesma orixe —escitas, celtas, xetas, suevos e godos— ocuparan e poboaran Galiza ao longo do tempo. Porén, malia estas coincidencias, non é seguro que Sobreira coñecese os escritos de Sarmiento ao respecto.

O celtismo de Sobreira, como o dos seus predecesores, manifestábase sobre todo no eido lingüístico. El estaba moi interesado polo idioma galego e polas etimoloxías das súas palabras. Interese que sen dúbida herdaba do labor pioneiro de Sarmiento nesta caste de estudos. Por iso dedicou varios traballos a cuestións lingüísticas, incluída a redacción dun proxecto de dicionario da lingua galega. Neses traballos obsérvase como el tamén procurou na antiga lingua dos celtas a orixe dalgunhas voces galegas. Por exemplo, fixo derivar a verba *bidueira* dun céltico *bedu*. E no traballo citado con anterioridade, *Galicia Ilustre*, ao falar das orixes do idioma galego afirmaba que na formación do mesmo, a parte do latín e máis do grego, intervira unha terceira lingua, que non era o árabe, «*sino Céltico, o Gotico, o Cantabro, o cosa que se le parece*».

Nembargantes, a inclinación de Sobreira polas etimoloxías célticas aparentaba ser menor ca no caso de Sarmiento ou de Cornide. Isto advírtese en que, por unha banda, el rexeitaba algunhas das que xa foran propostas para certos topónimos galegos, como Ourense ou Barcia, e que se baseaban no «céltico» inventado por Bullet. En troques, prefería para eses e outros topónimos unha orixe derivada do euskara ou «*cántabro antigo*». Ademais, no escrito *Idea de un diccionario de la lengua gallega*, confesaba que se ben no pasado devecera por aprender outras linguas —entre elas o islandés, o «celta», o bretón, o normando ou o teutónico— e quixera coñecer o «*poema céltico de Ossíán, hijo de Fingal*», porén, dende que

se decidira polo estudo do galego xa lle perdera todo gusto a idiomas «exóticos» como o céltico, o gótico ou o fenicio.

Tamén se pode citar como mostra da aceptación do Celtismo entre os anticuarios galegos de finais do XVIII a frei Pablo Rodríguez, amigo e correspondente de Cornide, e autor dunha *Disertacion Celtica* que hoxe semella perdida¹¹. Con todo, algunhas das opinións de Rodríguez verbo dos celtas pódense dexergar nunha carta que lle enviou a Cornide en 1772 e na que se discutían varias cuestións relacionadas coa xeografía antiga de Galiza. Nela dicía que os celtas habitaran no territorio galego durante a Antigüidade, pero que non era certo que viñesen dende a Turdetania, como defendía Flórez (e Sarmiento) e era opinión corrente dende o século XVI entre os anticuarios españois que se apoiaban nunha pasaxe de Estrabón. En troques, na opinión do frade, os celtas que se asentaran en Galiza proviñan directamente das Galias. E foron precisamente eses galos celtas os que deran ao país o nome de Galiza e aos seus habitantes a denominación de galegos, opinión esta que compartía con Cornide. A súa presenza na Gallæcia ficaba atestemuñada na toponimia antiga, con nomes célticos como *briga*, frecuente tamén entre os britóns e os cántabros, aos cales Rodríguez consideraba pobos celtas. Finalmente, nidia expresión da orientación esencialmente lingüística deste Celtismo, pedíalle a Cornide «*que Vmd recoga una lista de todos los lugares que designen Poblacion de los Celtas*» presentes nas terras galegas. Algo que, como sabemos, si fixo Cornide, aínda que non saibamos se finalmente o anticuario coruñés chegou a comunicarlle a súa listaxe de topónimos que el supuña célticos ao frade con quen compartía un mesmo interese polas *antigüidades* galegas e polos antigos poboadores celtas do país.

5. CONCLUSIÓNS

Neste artigo e noutro anterior (*cf.* PEREIRA GONZÁLEZ, 2003) quixen amosar que o Celtismo non é un fenómeno exclusivo da historiografía galega dos séculos XIX e XX. Pola contra, o establecemento dunha relación entre os celtas e a antiga historia de Galiza foi xa un feito frecuente nos anticuarios europeos, españois e galegos, dende o século XVI en diante¹². No XVIII manifestábase nas obras de celtistas e «celtómanos» senlleiros, como Pezron, Bullet, Pelloutier ou La Tour d'Auvergne; nos escritos dos anticuarios españois máis importantes, como os irmáns Mohedano, Flórez e Masdeu; e, por suposto, nos anticuarios galegos de meirande sona, e moi nomeadamente en Sarmiento e Cornide.

¹¹ Nunha carta dirixida a Cornide (sen data), Rodríguez comentaba que aínda estaba a traballar nese escrito. Noutra, datada en 1788, facía referencia a un seu escrito no que trataba dos gregos e dos celtas.

¹² Aínda que no meu traballo precedente non tratei da relación entre Galiza e os celtas que aparecía nos anticuarios europeos, aquela manifestábase, por exemplo, na *Britannia* de William Camden (edición de 1607) ou na *Germania Antiqua* de Philippus Cluverius (1616).

A base histórica na que se apoiaba o Celtismo galego, tanto no século XVII como no XVIII, eran as fontes clásicas. É dicir, aqueles escritores gregos e romanos que falando da Gallæcia sinalaran a presenza nesas terras de xentes cualificadas como «célticas». Esas noticias —escasas, breves e pouco claras— foron constantemente recollidas e reinterpretadas por todos aqueles que se dedicaron a escribir sobre as *antigüidades* galegas. Foron, pois, as que constituíron a cerna e mailos alicerces do Celtismo galego nesas dúas centurias, e seguirían a selo en diante. Ás noticias tiradas das fontes clásicas os anticuarios do XVIII engadiron unha información complementaria que na centuria anterior fora moi pouco aproveitada a prol da cuestión dos celtas: os datos lingüísticos que proviñan da toponimia galega, antiga e moderna, e das achegas da lingua dos antigos celtas ao idioma galego. Correspondeu a frei Martín Sarmiento, movido sen dúbida polos seus intereses e amplos coñecementos no eido das linguas, introducir eses novos argumentos de carácter lingüístico que non deixarían de estar presentes no Celtismo do futuro, por máis que co paso do tempo experimentasen fondos cambios a causa dos desenvolvementos que tiveron lugar dentro do estudo das linguas. Pola contra, tanto o Celtismo arqueolóxico, como o etnográfico e o literario, non xurdiron en Galiza ata o XIX, cando os celtas pasaron a ocupar un lugar de honra dentro da antiga historia do país e para a construción da propia identidade galega.

No XIX foi a mesma concepción dos celtas a que se viu afectada por unha adaptación ou modificación de grande importancia. Nas centurias precedentes os celtas identificábanse cos Galos ou ben, en xeral, coas xentes da Europa setentrional. Tamén era frecuente procurarlles unha ascendencia bíblica, facéndoos derivar de Gomer, un dos netos de Noé. Mais a mediados do XIX os celtas pasaron a se converter nunha parte da familia «aria» ou indoeuropea. Foi isto unha consecuencia dos progresos realizados no eido da lingüística comparada, a través dos cales víñase de emparentar as linguas célticas entón coñecidas —antigo galo, galés, bretón, córnico, gaélico, manx— co resto dos idiomas indoeuropeos. A isto había que engadir o novo peso acadado polo pensamento racial no imaxinario europeo e o desenvolvemento da antropoloxía física, feitos que levaron á definición e á xerarquización de diferentes razas humanas. Isto trouxo como consecuencia a aparición dun verdadeiro Celtismo «racial» ou antropolóxico que se dedicou a determinar as características raciais, físicas e psicolóxicas dunha recién creada «raza celta»¹³.

En Galiza a nova concepción dos celtas, como unha raza pertencente á grande e importante familia ariana, foi presentada por Manuel Murguía a comezos da segunda metade da centuria. El empregouna ademais como peza central no seu labor de artellar a historia e maila identidade de Galiza. Murguía contaba tamén

¹³ Sobre a relación entre Celtismo e racismo na Galiza decimonónica cf. MÁIZ (1997) e PEREIRA GONZÁLEZ (2001).

coa vantaxe de presentar o seu Celtismo moi ben provisto de argumentos tirados dos coñecementos recentes no eido da antropoloxía, etnografía, arqueoloxía ou lingüística. Todo o cal lle confería ao seu discurso celtista un nivel intelectual moi superior ao dos seus predecesores e contemporáneos. Estes —autores como Vereia Aguiar, Martínez Paadín ou Vicetto— tiveran unha grande importancia no labor de popularizar unha nova versión da historia antiga de Galiza, despois retomada e ampliada por Murguía, e para facer dos celtas os principais protagonistas da mesma. Porén, ningún deles tivera un coñecemento tan amplo e actualizado da erudición histórica europea como o que Murguía posuía. Por iso foi a versión do Celtismo erixida por Murguía a que triunfou e á que se impuxo nas décadas vindeiras entre os defensores da celticidade de Galiza.

Xa que logo, e malia compartiren algúns elementos comúns —a saber, a referencia básica das fontes clásicas e o interese polos datos lingüísticos e polas etimoloxías—, o Celtismo presente na historiografía galega do XVIII e o Celtismo galego decimonónico foron moi diferentes entre si. O primeiro xa foi analizado neste traballo. Pola súa vez, o Celtismo decimonónico tiraba partido dun amplo abano de datos e de argumentos: históricos, arqueolóxicos, lingüísticos, etnográficos, raciais ou psicolóxicos. Incorporou ademais, a partir da segunda metade da centuria, conceptos non utilizados ou descoñecidos no século XVIII, como eran a idea de raza ou a crenza na existencia dun grupo lingüístico (e racial) indoeuropeo, dentro do cal se inserían os celtas. E salientábase a irmandade con outros países celtas, entre eles Irlanda e Bretaña. Pero, sobre todo, o Celtismo decimonónico ocupou un lugar moitísimo máis importante dentro da vida cultural do país, sobordando amplamente o eido estritamente histórico ou erudito para se incorporar a outros ámbitos, como a literatura e o discurso político-identitario. Neste sentido, a crenza na existencia dunha continuidade esencial entre os celtas do pasado e a poboación galega actual —crenza da que non había trazas no XVIII—, así como a utilización da mesma como argumento central na construción dunha identidade galega diferenciada, son características do Celtismo decimonónico, logo continuadas no século XX, que o distinguían nidiamente daquel existente nas dúas centurias anteriores. É por iso que deixará unha fonda pegada no imaxinario colectivo da Galiza contemporánea.

Antes de dar por finalizado o artigo, paréceme oportuno avaliar moi brevemente cal foi o influxo, se o houbo realmente, do Celtismo do XVIII nos celtistas galegos do XIX. Adianto xa que a pegada deixada por aquel na historiografía decimonónica foi moi pequena e de pouca importancia.

A respecto do Celtismo europeo, era na *Historia de Galicia* (1838) de José Vereia Aguiar onde se atopaba a pegada máis significativa do mesmo. Vereia amosábase familiarizado coa erudición dos anticuarios dos séculos XVII e XVIII, incluíndo entre eles algúns celtistas franceses sobranceiros como Pezron, Bullet e Pelloutier. Porén, a súa opinión verbo destes autores era ambigua. Por unha banda valoraba positivamente os seus estudos e investigacións, pois admitía que acordaran o interese polos antigos celtas. Mesmo el ás veces aproveitaba

algunhas das ideas e argumentos adiantados polos celtistas franceses do XVIII. Mais, pola outra, criticábaos con dureza, especialmente a Pezron, pola súa teima en demostraren que todos os celtas europeos, os galegos incluídos, derivaban dos galos franceses. Teima esta que Vereá atribuía a un exceso de patriotismo francés.

En escritores posteriores —Benito Vicetto, Manuel Murguía, Leandro Saralegui Medina— só se atoparán referencias esparexadas e moi breves a Pezron, Pelloutier ou La Tour d’Auvergne, sen que haxa a seguridade de que se consultasen realmente as súas obras. Por entón as influencias máis importantes do Celtismo europeo en Murguía e Saralegui proviñan xa de autores decimonónicos, sobre todo franceses: Amédée Thierry, Henri Martin, Ernest Renan ou Henri d’Arbois de Jubainville.

Mención a parte merece o caso de Bullet, pois as súas etimoloxías pretendidamente «célticas» aplicadas a topónimos da Galiza aparecerán aquí e acolá nos autores galegos do XIX. Comezando por Vereá Aguiar, quen incluía no seu libro unha listaxe con verbas «celtas» tiradas de Bullet e que supostamente se podían encontrar na toponimia galega. Continuando con autores posteriores, como Vicetto ou Saralegui, entre outros, que aproveitarán esa listaxe para defenderen as súas teses celtistas.

Canto ao Celtismo galego do XVIII, a súa influencia na historiografía posterior foi aínda menor. Para os autores da segunda metade do XIX o Celtismo comezaba en Galiza con Vereá Aguiar, a quen se lle atribuía a honra de ser o primeiro en reivindicar os devanceiros celtas dos galegos. Así o consideraba Vicetto, quen ademais criticaba a todos aqueles que cando escribiron acerca da antiga historia de Galiza non souberan ou non quixeran ver a presenza dos celtas na mesma. E, paradoxalmente, incluía entre eles a Rioboo Seixas, Sarmiento e Cornide. Tamén Murguía, na súa *Historia de Galicia*, criticaba aos anticuarios galegos do XVIII por se teren limitado a estudar o pasado romano do país, desleixando así as xentes que ocuparan o seu territorio con anterioridade por coidalas bárbaras e incultas. Ese desleixo provocara «excesos» como o de crer que todas as etimoloxías de palabras galegas debían procurarse directamente no latín. Ou o erro de atribuíren aos romanos vestixios arqueolóxicos que foran obra dos celtas, como os megálitos: «*El Padre Sarmiento, que en todo dió pruebas del cuidado y atención con que veía las cosas, describe las mamotas, que él —¡achaque de su tiempo!— cree romanas*», queixábase Murguía no segundo volume da *Historia de Galicia* (1866).

Con todo, en *El Regionalismo* (1889), unha obra posterior de carácter abertamente polémico e dirixida especialmente contra a postura anti-rexionalista e anti-celtista de Sánchez Moguel, Murguía matizaba as súas anteriores opinións ao asegurar que tanto Sarmiento como Sobreira xa falaban no XVIII dunha Galiza céltica, pero non daba máis detalles sobre iso.

A presenza da herdanza celtista do XVIII nos autores decimonónicos albiscábase quizais cando estes salientaban a orixe celta de certos topónimos

galegos, aos que xa Sarmiento tiña atribuído esa ascendencia. Topónimos como Céltigos, Bergantiños, a antiga Brigantia e, en xeral, todos aqueles topónimos rematados en *-bre* (Pambre, Tambre, Callobre, Obre, Cecebre, etc.). Pero tampouco non hai maneira de afirmar con toda seguridade unha relación ou herdanza directa neste sentido entre a historiografía do XVIII e a do XIX, dado que ningún dos que daquela usaron estes argumentos lingüísticos —Verea, Martínez Paadín, Murguía ou Saralegui— chegou a atribuílos a uns posibles «celtistas precursores» da centuria anterior, precursores polo demais practicamente ignorados como tal polo Celtismo do XIX.

Finalmente, ¿a que causa ou causas se debe imputar esa ignorancia? Sen dúbida, hai unha causa principal que resulta bastante evidente. A saber, un coñecemento incompleto ou superficial da historiografía anterior. Lémbrese que a maior parte dos traballos eruditos de Sarmiento, Cornide e Sobreira ficaron manuscritos e polo tanto foron de difícil acceso para as xeracións posteriores.

Pero esa causa semella non ser a única. Porque autores como Verea, Paadín ou Murguía demostraban que en parte coñecían eses traballos. E sen embargo ningún deles, agás Murguía na ocasión xa sinalada, recoñeceu a existencia de «precursores» do Celtismo galego no XVIII. Xa que logo, ¿como explicar ese silencio case completo? ¿Era preciso, quizais, esquecer ou silenciar os predecesores para reivindicar para o presente a honra de descubrir o pasado celta de Galiza? ¿ou ben as diferenzas entre os dous Celtismos levaba a subestimar o xa superado?

Sexa como for, o certo é que, para a posteridade, os escritores do século XIX foron os distinguidos como descubridores ou inventores —o termo utilizado depende de como se valoren as súas achegas— do Celtismo galego. Así o recoñeceron tamén aqueles que defenderon a identidade celta de Galiza durante o século XX. A este respecto pódense lembrar as palabras que Ramón Otero Pedrayo deixou escritas acerca da orixe do Celtismo galego no *Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega* (1932). Para el era nidia a oposición que existiu entre a intuición certa dos eruditos e poetas decimonónicos, pioneiros descubridores da celticidade de Galiza, e a ignorancia verbo dos celtas demostrada polos eruditos anteriores ao XIX, quen ao estaren obsesionados cun pasado greco-romano parecían temerosos de achar o «verdadeiro ser» do país en tempos máis recuados.

Pero agora sabemos que foron precisamente aqueles anticuarios galegos dos séculos XVII e XVIII os que deron os primeiros e importantes pasos destinados a incorporar aos celtas na conciencia histórica do país. Correspondeu ao século XIX modificar o Celtismo xa aceptado para o adaptar a novos coñecementos e a novas necesidades.

BIBLIOGRAFÍA

- CHAPMAN, M. (1978): *The Gaelic Vision in Scottish Culture*. London. Croom Helm.
- (1992): *The Celts. The Construction of a Myth*. London. The MacMillan Press.
- DROIXHE, D. (1978): *La linguistique et l'appel de l'histoire (1600-1800). Rationalisme et révolutions positivistes*. Genève. Librairie Droz.
- (1996): «Ossian, Hermann and the jew's-harp. Images of the Celtic languages from 1600 to 1800» en BROWN, T. (ed.), *Celticism*. Amsterdam-Atlanta. Rodopi; pp. 21-33.
- GRELL, Ch. (1995): *Le dix-huitième siècle et l'Antiquité en France, 1680-1789*. Oxford. Voltaire Foundation.
- LEERSSEN, J. (1996): «Celticism» en BROWN, T. (ed.), *Celticism*. Amsterdam-Atlanta. Rodopi; pp. 1-20.
- (1997): *Mere Irish and Fíor-Ghael. Studies in the Idea of Irish Nationality, its Development and Literary Expression prior to the Nineteenth Century*. Notre Dame-Indiana. University of Notre Dame Press [1ª edición, 1986].
- MÁIZ, R. (1997): «Raza e mito céltico nas orixes do nacionalismo galego: Manuel Murguía» en *A idea de nación*. Vigo. Xerais.
- MAS, R. (1990): «Recherches sur les Gaulois et sentiment national en France au XVIIIe siècle» en GRELL, Ch. e J. M. DUFAYS (eds.), *Pratiques et concepts de l'Histoire en Europe, XVIe-XVIIIe siècles*. Paris. Presses de l'Université de Paris-Sorbonne; pp. 161-221.
- MORGAN, P. (1981): *The Eighteenth Century Renaissance*. Llandybïe. Christopher Davies Ltd.
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. (2001): *Raza e alteridade. A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*. A Coruña. Deputación Provincial da Coruña.
- (2002): «Frei Martín Sarmiento, anticuario», *Boletín da Real Academia Galega*, nº 363; pp. 141-166.
- (2003): «Primeiras referencias aos celtas na historiografía galega», *Gallaecia*, nº 22.
- PIGGOT, S. (1976): *Ruins in a Landscape. Essays in Antiquarianism*. Edinburgh. Edinburgh University Press.
- (1985): *William Stukeley. An Eighteenth-Century Antiquary*. London. Thames and Hudson [1ª edición, 1950].
- (1989): *Ancient Britons and the Antiquarian Imagination*. London. Thames and Hudson.
- POMIAN, K. (1992): «Francs et Gaulois» en NORA, P. (dir.), *Les Lieux de Mémoire. III. Les France. 1. Conflits et Partages*. Paris. Galimard; pp. 41-105.
- RIO, J. (2000): *Mythes fondateurs de la Bretagne. Aux origines de la celtomanie*. Rennes. Éditions Ouest-France.
- TOURNEUR, V. (1905): *Esquisse d'une histoire des études celtiques*. Liège. Imprimerie H. Vaillant-Carmanne.
- VIALLANEIX, P. e J. EHRARD (1982) (eds.): *Nos Ancêtres les Gaulois*. Clermont-Ferrand. Publications de la Faculté des Lettres et Sciences Humaines de l'Université de Clermont-Ferrand II.